

Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil n.º 2 (2015),  
<http://www.usc.es/revistas/index.php/elos/issue/view/242>  
ISSN: 2386-7620

Grupo LITER21-Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Santiago de Compostela.  
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

Este número afonda no estudo, na crítica e no debate da Literatura Infantil e Xuvenil, un espazo de reflexión no que esta literatura é a protagonista absoluta. Son salientables as achegas que este número ofrece a este campo, de forma que no panorama literario e editorial actual a adaptación de contos tanto da transmisión oral coma escrita, é un mecanismo moi empregado para chegar a un público infantil e xuvenil. Aquí é onde entra en xogo a corporación Disney, famosa pola adaptación cinematográfica dos contos máis clásicos da literatura universal. En «Disney e os contos de fadas: historia dun secuestro», dáse conta da historia das adaptacións de fábulas cun amplo contido violento, cara a unhas versións moito máis edulcoradas, dirixidas a un extenso público infantil, destacando as historias de *La Bella Durmiente*, *Blancanieves* ou *Cenicienta*. Este tipo de filmes, baseados en tradicións cunha gran carga de violencia, aparecen na pantalla moito máis dulcificadas, esquecendo por completo a inspiración primixenia da obra, perdendo a súa esencia para converterse nun produto de masas. O 85% dos filmes da compañía Disney son adaptacións dunha obra literaria previa, da que toman a historia, os personaxes e outros aspectos para a realización das películas da factoría. A comunicación intertextual está presente desde o primeiro momento, pero a problemática, segundo María Míguez, aparece cando se traspasan os límites do representable posto que nas obras literarias das que se toman as temáticas utilizadas nos filmes, hai episodios de tremenda violencia física (accións cruentas, abusos sexuais, etc.) que Disney toma a decisión de edulcorar para

representalos na pequena pantalla. Seguindo coa esta liña, Sara Reis da Silva en «Literatura portuguesa para a infancia da década de 60 e inicios dos anos 70 do século XX—alguns contributos», tenta amosar unha serie de obras literarias e autores que axudaron a crear unha historia para a Literatura Infantil en Portugal ao remate da ditadura de António de Oliveira Salazar, outorgándolle importancia ao lector infantil. Nesta liña de construción identitaria, atópase o estudo de Raquel Patriarca, «A Historia de Portugal como vehículo de identidade nacional nos libros infantís e xuvenís: algúns títulos entre 1880 e 1940», ondes se poñen de manifesto os contidos sociais e históricos presentes en obras destinadas aos máis pequenos.

12 Outra contribución importante para a Literatura Infantil e Xuvenil dos últimos anos é o cambio de rol das personaxes femininas para amosar un cambio na construción do xénero. Fernando José Azevedo, Ángela Balça, Moisés Selfa e Judite Zamith son os encargados de realizar unha visión panorámica a través dun pequeno corpus de seis obras onde as princesas, as nais e as fillas son mulleres valentes que non agardan o rescate de ningún príncipe azul. Os roles que se representan nestas obras proceden dos estereotipos sociais, mais tamén segundo Joan Scott («Gênero: Uma Categoria Útil de Análise Histórica», 1995), dos prexuízos tanto da escritora coma das expectativas sociais, da comunidade á que pertence ou as experiencias persoais. Deste modo, as obras actuais para os adolescentes tratan de derrubar os tópicos, sendo as propias princesas as que se salvan a si mesmas, insistindo en proclamar a súa independencia. É importante espertar unha conciencia de xénero, desterrar para sempre os vellos tópicos fomentados en gran medida por compañías como Disney, especializada en desenvolver os motivos sentimentalistas que dominaron unha época: princesas fermosas que agardan pola solución aos seus problemas, solución que sempre vén acompañada dun príncipe azul que a salvará de todos os perigos para vivir felices e comer perdices. Os contos e as obras destinadas a este público constitúen unha poderosa ferramenta educativa ao moldear as mentes dos máis novos.

Seguindo coas representacións destinadas a este público, María Victoria Guadamillas Gómez en «*El león, la bruja y el armario*. Recreaciones y fantasía en la narración infantil de C. S. Lewis», analiza o desenvolvemento da conciencia espacial dos nenos a través da creación de varios mundos imaxinados nas obras xuvenís. Para este propósito, apóiase na saga escrita por C. S. Lewis, *As crónicas de Narnia*. A autora chega á conclusión de que é posible

unha lectura en clave cristiá da saga, de forma que a literatura sería neste caso unha maneira de adoutramento cara aos máis xoves ao relacionar ao león-rei cun deus ao que todo o reino serve pleitesía, mais cando aparece a bruxa e deben loitar contra ela, como se dun demo se tratase. Así pois, a literatura pasa a ser un mecanismo para lograr un propósito interesado, eliminando da ecuación o gozo dos máis pequenos ante estas aventuras, someténdoos a uns razonamentos lonxe do seu entendemento. Isto camúflase de forma maxistral coa presenza dos animais que falan, razoan e inclusive participan determinantemente na acción; o simbolismo existe no triunfo do ben sobre o mal, co asesinato do demo-bruxa que permite a todos os habitantes vivir en paz para sempre. É evidente a importancia da adaptación deste tipo de obras á pequena pantalla, desta forma os espectadores poden comprender as vantaxes da literatura sobre a cinematografía, máis aínda, poden completar os seus coñecementos no sentido de que o elemento audiovisual enche o baleiro que a súa imaxinación non chega a cercar. Esta é a tese principal de Xavier Mínguez-López en «El papel de la animación en el desarrollo de la competencia literaria».

Outro ámbito totalmente diferente a esta liña de estudo é o peritexto que acompaña a obra de Manuela Bacelar. Este estudo de Carina Miguel Rodrigues intitulado «O peritexto no álbum de Manuela Bacelar», atende a este aspecto tan pouco tratado na literatura, ao que se remata desbotando como un elemento decorativo sen importancia real para o desenvolvemento da obra. O obxectivo é o de amosar a relevancia destes segmentos con significado propio, os cales proporcionan información valiosa aos lectores.

Outra variable son os fenómenos *crossover*, que amplían os límites do que se entende por contos ou novelas pechadas na literatura portuguesa e brasileira. Este tema aparece tratado en «Narrativas juvenis: o fenómeno *crossover* nas literaturas portuguesa e brasileira» de Ana Margarida Ramos e Diana Navas. Estas obras presentan unha conexión total entre os lectores e os protagonistas ao desafialos constantemente, podéndose destacar así unha tipificación da produción literaria destinada ao público infantil e xuvenil en Portugal entre a década de 1970 e inicios do século XXI, como amosa Ana Rita Gonçalves Soares en «Literatura infanto-juvenil portuguesa: autores/as, géneros e tendências temáticas atuais». Nesta investigación remata por concluírse que o fin da dictadura de Salazar e a chegada dunha nova era tecnolóxica favoreceu o apoxeo de novas estratexias culturais, sociais e literarias.

A Literatura Infantil e Xuvenil convértese entón nun campo fértil sobre o que plasmar ideas revolucionarias e novidosas que axuden os nenos a comprender certas actitudes e comportamentos sociais. Así pois, chégase á idea de que o canon é un elemento fundamentalmente protagonista neste tipo de obras, as cales non diferencian da produción destinada aos adultos, segundo referencian Ana Creliá Penha e Raquel Cristina de Souza en «O lugar do(s) cânones na formación dos sistemas literarios infantil e xuvenil brasileiros».

Sara Núñez de la Fuente en «Estatuas animadas y autómatas en la literatura juvenil de Carmen Martín Gaité y Óscar Esquivias» realiza un percorrido relixioso, mitolóxico e histórico da figura literaria do autómata nas obras de Carmen Martín Gaité e Óscar Esquivias, resaltando catro figuras que remiten a ámbitos que teñen que ver coa psique dos personaxes e coa súa funcionalidade interna, pero tamén autómatas que dependen totalmente do seu creador. Dunha temática totalmente diferente, destaca Núría Ivars Bertomeu con «A mudanza de circuíto lector. O exemplo de *Mor una vida, es trenca un amor*, de Joan Pla», onde se centra no ámbito catalán para referenciar esta obra de Joan Pla, dirixida a un público infantil e xuvenil tamén.

14

Como último punto da crítica, en referencia ás recensións publicadas neste número, destacamos en primeiro lugar a realizada por Karina de Oliveira da obra *Inmigración / Emigración na LIX* (2014) de Blanca Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.). Destácase o importante papel das personaxes de libros destinados a un público infantil e xuvenil, que se ven obrigados a abandonar o seu país de nacemento para enfrontar unha serie de aventuras que rematarán por cambialas profundamente. Tamén destacando o papel do público infantil e xuvenil, Laura Blanco Casás recensionista *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil* (2013), de Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (coords.). Neste caso, o papel protagónico posúeo a familia e a súa variable concepción ao longo das épocas dentro deste tipo de literatura, onde é un pilar básico para os personaxes.

En terceiro lugar, Carmen Franco Vázquez recensionista *Casas muito doces: Reescritas infanto-juvenis de Hansel e Gretel* (2015), de Sara Reis da Silva, onde se poñen de manifesto varios roles sociais presentes do conto de *Hansel e Gretel*, como o liderazgo do irmán sobre a rapaza, quen sempre segue ao irmán maior. Sara Raquel Duarte Reis da Silva recensionista *Educación Literaria e Literatura Infantojuvenil* (2013), de Blanca Ana Roig Rechou, onde salienta

varias problemáticas surxidas no ámbito literario infantil e xuvenil como a canonización de certas obras ou os premios literarios. Inclúe tamén aspectos teóricos e lexitimadores do papel da literatura infantil que apoian o estudo deste tipo de libros.

Isabel Mociño González recensiona *Premios literarios e de ilustración na LIX* (2013), de Blanca Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.). Resalta o papel dos premios literarios e de ilustración e destaca a importancia destes premios no ámbito literario e cultural actual, pois son os encargados de premiar certas obras producidas polo mercado editorial, que nestes tempos goberna por enteiro a produción literaria. Inés Sánchez Díaz-Marta recensiona *Historias en torno al arte y a la educación artística: notas para un posible diario* (2014), de M<sup>a</sup> Jesús Agra Pardiñas, onde deixa de lado a perspectiva infantil para centrarse no punto de vista dos docentes e educadores que intentan transmitir mensaxes máis artísticas nas súas aulas. Trátase dun diario onde a autora amosa as súas percepcións sobre a labor docente e sobre as estratexias utilizadas cos alumnos.

En definitiva, é destacable a ampla gama de tratamentos existentes cara aos máis pequenos, desde a construción dunha nova identidade para as princesas loitadoras ata a capacidade de construción dunha historiografía por parte dos nenos e o tratamento de elementos que *a priori* non son interesantes para a literatura. É salientable o labor dos actuais autores literarios que tentan derrubar os tópicos máis profundos da sociedade actual e para isto é necesario coñecer o público ao que os autores queren dirixirse para transmitir desta forma os coñecementos axeitados a cada idade, favorecendo a súa capacidade crítica e desbotando tópicos e estereotipos presentes na sociedade.

*Sandra Fernández Queiruga*